

DUATLON VAL DE SONEIRA

REGULAMENTO



CIRCUITO GALEGO

Organizan



FEGATR III 5
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLON
E PENTATLON MODERNO

Colaboran



NON

EDAPE



III DÚATLON VAL DE SONEIRA CONCELLO DE VIMIANZO
Circuíto Galego de Dúatlon de Estrada 2024
Circuíto Súper Sprint 2024

Regulamento de competición

III DÚATLON VAL DE SONEIRA - CONCELLO DE VIMIANZO

2 de marzo de 2024

I PROBA DO CIRCUÍTO GALEGO DE DÚATLON DE ESTRADA 2024

DÚATLON
ESTRADA

Circuíto Galego
dúatlon estrada

FEGATRIIII
FEDERACION GALEGA DE TRIATLON
E PENTATLON MODERNO

XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

Organiza |

Concello de Vimianzo (deportes@vimianzo.gal) 981716001
Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno
(comitedeportivo@fegatri.org) 982251345





III DÚATLON VAL DE SONEIRA CONCELLO DE VIMIANZO

Circuíto Galego de Dúatlon de Estrada 2024

Circuíto Súper Sprint 2024

Regulamento de competición

Patrocina |

Concello de Vimianzo

Colabora |

Club de Triatlón Costa da Morte

Secretaría Xeral para o Deporte

Ubicación |

Praza do Concello, 6 - 15129 Vimianzo <https://goo.gl/maps/vuF21dz19BA25ui6A>

43° 06'36.8"N 9° 02'03.0"W (43.110214, -9.034170)

Horarios |

13:30 Acreditación e recollida de dorsais

Proba	Control material	Saída	Entrega trofeos	Tempos corte Inicio 3º segmento ³
Circuíto (Supersprint CD/XV/JN) Saída Inclusiva	13:30 - 14:15	14:23	15:15	0h 40m
Circuíto (Supersprint CD/XV/JN) M	13:30 - 14:15	14:30	15:15	0h 40m
Circuíto (Supersprint CD/XV/JN) M	13:30 - 14:15	14:31	15:15	0h 40m
Proba Popular (Supersprint)	13:30 - 14:15	14:32	15:15	0h 40m
Circuíto Galego Feminino (Sprint) ¹	14:30 - 15:15	15:30	19:15	1h 20m
Circuíto Galego Masculino (Sprint) ²	16:20 - 17:05	17:20	19:15	1h 20m

¹Tempo total para clasificarse para Campionato Galego: 1h 35 minutos

²Tempo para clasificarse para Campionato Galego: 1h 02 minutos ao remate do segundo segmento-

³Superado este tempo non se permitirá a saída de ningún deportista da T2.





III DÚATLON VAL DE SONEIRA CONCELLO DE VIMIANZO

Circuíto Galego de Dúatlon de Estrada 2024

Circuíto Súper Sprint 2024

Regulamento de competición

Distancias |

Proba	Segmento 1		Segmento 2		Segmento 3	
Supersprint	2,4 km	2 voltas	7,2 km	2 voltas	1,2 km	1 volta
Sprint	5 km	2 voltas	19,4 km	3 voltas	2,5 km	1 volta

Servizo de vestiarios e gardarroupa |

- Habilitarase un servizo de gardarroupa que estará situado nas inmediacións da zona de saída e meta. A bolsa ou mochila deberá estar identificada co dorsal do deportista.
- Habilitarase o servizo de vestiario e duchas no pavillón polideportivo de Vimianzo.

Reunión técnica |

Será publicada online na web FEGATRI cos detalles técnicos a respectar e as horas de saída o xoves 29 de febreiro.

Normas de competición |

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición das Federacións Galega e Española de Tríatlon.

<https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>

Categorías e prazas |

Proba	Categoría	Masculina *	Feminina*	Total
Proba Popular Súper Sprint	Absoluta			30 prazas
Circuíto Súper Sprint	Cadete	32 prazas	30 prazas	62 prazas
	Xuvenil	34 prazas	18 prazas	52 prazas
	Júnior	14 prazas	12 prazas	26 prazas
Circuíto Galego	Absoluta	150 prazas	50 prazas	200 prazas
Total				370 prazas

A categoría de idade está determinada pola idade do deportista a día 31 de decembro do ano no que se celebre a proba.





III DÚATLON VAL DE SONEIRA CONCELLO DE VIMIANZO

Circuíto Galego de Dúatlon de Estrada 2024

Circuíto Súper Sprint 2024

Regulamento de competición

* O número do prazo de reserva está realizado de xeito proporcional garantindo os mínimos establecidos.

- No Circuíto Galego Absoluto a reserva de prazas regulamentaria, por xénero, estará activa ata o venres 9 de febreiro ás 14:00. A partir desa data as prazas poderán ser ocupadas indistintamente pola categoría masculina ou feminina ata completar o límite de prazas dentro de dita proba.
- No Circuíto Súper Sprint (CDT, XV e JNR) e proba popular a reserva de prazas regulamentaria, por categoría, estará activa ata o venres 9 de febreiro ás 14:00. A partir desa data as prazas poderán ser ocupadas por calquera categoría e xénero ata completar o límite de prazas dentro de dita proba.
- A organización resérvase 4 prazas na Proba Popular.

Inscricións |

1. A inscrición realízase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado Regulamentos/Inscricións. O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.
2. O prezo da inscrición será de 20€ por participante, tanto para Proba Popular como para as probas do Circuíto Galego.
3. A inscrición de cadetes e xuvenís en todos os casos e as das categorías do Circuíto Súper Sprint (CD/XV/JN) será gratuíta.
4. Prazo de inscrición: **pecharase o luns, día 26 de febreiro ás 23:59 h.** ou no momento en que se cubran as prazas ofertadas.
5. **Lista de espera:** Completadas as prazas, abrírase unha lista de espera por orde de inscrición.
6. Esta lista de agarda, xestionarase diariamente na FEGATRI comunicando por correo electrónico cos/cas deportistas da lista que entren na proba e indicándolles o prazo para formalizar a inscrición na plataforma. O último movemento da lista será comunicado o martes 27 de febreiro dando prazo ata as 14:00 h. dese día para a súa formalización.

Proceso de inscrición |

Prezo de inscrición: 20€ (categorías menores gratuítas)

Federados (proba Sprint só con dereitos de circuíto aboados):

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana Regulamentos/Inscricións e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos requeridos.

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.





III DÚATLON VAL DE SONEIRA CONCELLO DE VIMIANZO

Circuíto Galego de Dúatlon de Estrada 2024

Circuíto Súper Sprint 2024

Regulamento de competición

INVITACIÓNS OUTRAS CC.AA.: deportistas federados con licenza doutra comunidade para probas de circuíto.

Aqueles/as deportistas federados/as con licenza doutra comunidade que no fixeran o abono da inscrición de participación nos circuítos, e non pertencen a clubs que o teñan feito deberán enviar o formulario de solicitude de invitación que poden descargar de nosa web no seguinte enlace <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2020/02/OTRAS-COMUNIDADES.pdf> para participar na proba sprint con dereitos de circuíto. Unha vez que a Federación autoriza a participación, o/a deportista procederá á formalización da inscrición a través da plataforma e aboarán a cota con tarxeta a través do TPV. Si xa teñen feito o abono dos dereitos de circuíto poden inscribirse directamente.

Licenza temporal 1 día/ NON federados (soamente Proba Popular Supersprint):

Unha vez no apartado COMPETICIÓNS picarase en REGULAMENTOS/INSCRICIÓNS para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introducirán os datos.

Custe seguro de 1 día de 20€ (6€ para nados en 2007 e posteriores). O seguro de 1 día estará subvencionado polo organizador da proba e non repercutirá no deportista.

Licenza temporal 1 día / Licenza Galega Ciclismo (soamente Proba Popular Supersprint):

Unha vez no apartado COMPETICIÓNS picarase en REGULAMENTOS/INSCRICIÓNS para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introducirán os datos.

Custe seguro de 1 día de 5€. O seguro de 1 día estará subvencionado polo organizador da proba e non repercutirá no deportista.

Para que a inscrición de calquera licenza temporal sexa válida, será imprescindible enviar a copia do DNI en vigor e documento de protección de datos, que se pode descargar na seguinte ligazón

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx>

Dita documentación debe enviarse á Federación Galega de Tríatlon a través da plataforma de inscricións

Baixas e política de Devolucións |

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.





III DÚATLON VAL DE SONEIRA CONCELLO DE VIMIANZO

Circuíto Galego de Dúatlon de Estrada 2024

Circuíto Súper Sprint 2024

Regulamento de competición

Publicación listas de inscritos |

Publicación lista provisional: o mércores anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo.

Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

Dereitos de imaxe, uso de datos e declaración de estar apto para a práctica deportiva |

Os deportistas inscritos comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se expoñen:

1. O atleta inscrito declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
2. Calquera atleta con problemas médicos (alerxia, atencións especiais,...) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.
3. O atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet,(...) para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

Aspectos xerais |

1. A proba estará cronometrada con sistema de chips.
2. A mesa para a entrega de dorsais abrirase ás 13:00 e permanecerá aberta ata 10 minutos antes do peche de control de material.
3. Todos os participantes inscritos estarán amparados por una póliza de **seguro de accidentes tramitado a través da Federación Galega de Tríatlon.**
4. **DORSAIS, CHIPS E BICICLETAS:**
5. Os deportistas deberán recoller os seus dorsais e chip na mesa habilitada a tal efecto.
6. Os deportistas deberán deixar a bicicleta na área de transición, como mínimo 10 minutos antes do inicio da proba, pola entrada habilitada a tal efecto.



III DÚATLON VAL DE SONEIRA CONCELLO DE VIMIANZO

Circuíto Galego de Dúatlon de Estrada 2024

Circuíto Súper Sprint 2024

Regulamento de competición

7. Para deixar a bicicleta nos boxes o ciclista deberá identificarse con DNI ou documento oficial con foto, levará o casco posto e o dorsal colocado na tixa do sillín, así coma no casco.
8. Unha vez depositada a bicicleta na área de transición co manillar cara o seu pasillo, o ciclista deberá deixar o casco colgado da bicicleta coas correas despechadas.
9. Unha vez rematada a proba os participantes deberán devolve-los chips á organización na zona habilitada para tal efecto.
10. No caso de que se produza un **abandono** o deportista está obrigado a comunicalo no control de chegada e entregar o chip á organización.
11. As persoas e/ou entidades participantes poderán interpor reclamacións e/ou apelacións para garantir os seus dereitos de conformidade co previsto no artigo 9 do Regulamento de Competicións da FEGATRI da Tempada 2020.

(<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/05/Procedemento-de-Reclamacion-Apelacion-probas-da-FEGATRI.pdf>)

12. Todos os participantes, polo feito de tomar a saída na proba, aceptan o presente Regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña o Comité Organizador.
13. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.
14. A organización contará coa colaboración de organismos municipais competentes, que regularán o tráfico ao longo de todo o percorrido.
15. Existirá un posto de avituallamento líquido situado na zona de meta e transición.
16. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios, percorridos, así coma aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.
17. No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha alerta laranxa a carreira será suspendida automaticamente. Do mesmo xeito, se a organización considera que non pode garantir a seguridade dos participantes, tamén procederá á suspensión da proba.
18. **DESCUALIFICACIÓNS:**
 - 18.1. O servizo sanitario da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera deportista que manifeste un mal estado físico.
 - 18.2. Todo deportista que non realice o percorrido completo.
 - 18.3. O deportista que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a Organización.
 - 18.4. O deportista que non cumpra o regulamento de competicións da FETRI e FEGATRI <https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>



III DÚATLON VAL DE SONEIRA CONCELLO DE VIMIANZO

Circuíto Galego de Dúatlon de Estrada 2024

Circuíto Súper Sprint 2024

Regulamento de competición

Acto de premiación |

1. Proba Popular:

- 1.1. Trofeo ou medalla ás 3 primeiras/os clasificados absolutos.
- 1.2. Trofeo ou medalla á primeira/o clasificados empadroados.

2. Proba do Circuíto Súper Sprint individual:

- 2.1. Trofeo ou medalla ás 3 primeiras/os clasificados cadetes.
- 2.2. Trofeo ou medalla ás 3 primeiras/os clasificados xuvenís.
- 2.3. Trofeo ou medalla ás 3 primeiras/os clasificados junior.

3. Proba do Circuíto Galego Súper Sprint por clubs:

- 3.1. Trofeo ou medalla aos 3 primeiros clubs da clasificación xeral.

4. Proba do Circuíto Galego individual:

- 4.1. Trofeo ou medalla ás 3 primeiras/os clasificados absolutos.
- 4.2. Trofeo ou medalla ás 3 primeiras/os clasificados en categoría xuvenil.
- 4.3. Trofeo ou medalla ás 3 primeiras/os clasificados en categoría junior.
- 4.4. Trofeo ou medalla aos 3 primeiras/os clasificados en categoría sub23.
- 4.5. Trofeo ou medalla aos 3 primeiras/os clasificados en categoría veterano I, II e III.

5. Proba do Circuíto Galego por clubs:

- 5.1. Trofeo ou medalla aos 3 primeiros clubs masculinos e femininos da clasificación xeral.

6. Premios económicos:

6.1. Premios individuais da proba do Circuíto Galego:

- 1º e 1ª clasificados absolutos: 150€
- 2º e 2ª clasificados absolutos: 100€
- 3º e 3ª clasificados absolutos: 50€

6.2. Premios por clubs da proba do Circuíto Galego:

- 1º club masculino: 200€
- 1º club feminino: 200€

Ao importe do premio económico individual practicaráselle unha retención do 15 % en concepto de I.R.P.F.

“Art. 8.6 Regulamento de competición FEGATRI.- Aquel/a deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono”. Excepción regulamentaria. No caso de que o/a deportista non poida quedar á entrega debe avisar ao Xuíz árbitro ou Delegado Técnico.



III DÚATLON VAL DE SONEIRA CONCELLO DE VIMIANZO

Circuíto Galego de Dúatlon de Estrada 2024

Circuíto Súper Sprint 2024

Regulamento de competición

Percorrido Supersprint |

1. Primeiro segmento de carreira a pe: 2,4 quilómetros (2 voltas)

Os participantes iniciarán a proba cunha carreira a pe de 2,4 km ao percorrido sinalado en cor azul. Representado o perfil correspondente a 1 volta do percorrido S1



Representado o perfil correspondente a 1 volta do percorrido S1



III DÚATLON VAL DE SONEIRA CONCELLO DE VIMIANZO


Circuíto Galego de Dúatlon de Estrada 2024

Circuíto Súper Sprint 2024

Regulamento de competición

2. Segundo segmento de carreira en bicicleta: 7,2 quilómetros (2 voltas)

Despois de realizar a carreira a pe, os deportistas terán que facer unha carreira en bicicleta sobre unha distancia de 7,2 km. Para elo deberán completar dúas voltas ao percorrido sinalado en cor verde.



Representado o perfil correspondente a 1 volta do S2



III DÚATLON VAL DE SONEIRA CONCELLO DE VIMIANZO

Circuíto Galego de Dúatlon de Estrada 2024

Circuíto Súper Sprint 2024

Regulamento de competición

3. Terceiro segmento de carreira a pe: 1,2 quilómetros (1 volta)

Para finalizar a proba os deportista deberán realizar unha carreira a pe de 1,2 km do percorrido sinalado en cor azul.





III DÚATLON VAL DE SONEIRA CONCELLO DE VIMIANZO

Circuíto Galego de Dúatlon de Estrada 2024


Circuíto Súper Sprint 2024

Regulamento de competición

Percorrido Sprint |

1. Primeiro segmento de carreira a pe: 5 quilómetros (2 voltas)

Os participantes iniciarán a proba cunha carreira a pe de 5 km do percorrido sinalado en cor azul.



Representado o perfil correspondente a 1 volta do percorrido S1



III DÚATLON VAL DE SONEIRA CONCELLO DE VIMIANZO

Circuíto Galego de Dúatlon de Estrada 2024

Circuíto Súper Sprint 2024

Regulamento de competición

2. Segundo segmento de carreira en bicicleta: 19,4 quilómetros (3 voltas)

Despois de realizar a carreira a pe, os deportistas terán que facer unha carreira en bicicleta sobre unha distancia de 19,4 km. Para elo deberán completar tres voltas ao percorrido sinalado en cor verde.



Representado o perfil correspondente a 1 volta do S2



III DÚATLON VAL DE SONEIRA CONCELLO DE VIMIANZO


Circuíto Galego de Dúatlon de Estrada 2024

Circuíto Súper Sprint 2024

Regulamento de competición

3. Terceiro segmento de carreira a pe: 2,5 quilómetros (1 volta)

Para finalizar a proba os deportista deberán realizar unha carreira a pe de 2,5 km do percorrido sinalado en cor azul.



A Organización desta carreira aproveita a ocasión para agradecer a súa participación.

MÁIS INFORMACIÓN

www.facebook.com/duatlonreivimianzo

<http://fegatri.org/probas-regulamento/>